



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 28 de abril de 2014, adoptouse co quorum de maioría absoluta, acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 3.- Aprobación, se procede, do documento denominado “Documento de cumprimentación da orde de 11 de marzo de 2009” que aprobaba definitiva e parcialmente o PXOM de Oleiros, para a súa remisión á C.P.T.O.P.T. completando así a aprobación definitiva do planeamiento xeral para todo o Termo Municipal

“I.- A Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (rex. 8988 de 12 de marzo 2009) aproba definitivamente con carácter parcial o PXMO do Concello de Oleiros, deixando en suspenso o seguinte:

- Os ámbitos aos que se refiren as cinco correccións impostas polo Pleno do Concello de 2.12.2008.
- Os ámbitos e determinacións afectados polo informe emitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento o 17/02/2009.
- Os ámbitos de solo urbano enunciados no apartado “Clasificación de solo urbano do apartado número 3 da Orde.
- Os ámbitos correspondentes ao PERI-8R, POL-6, zona sur do DP-8 e SUND-15 nos que deberá axustarse a clasificación para establecer a de rústico de protección de costas en tódolos terreos situados a unha distancia inferior a 200m medidos desde a liña interior da ribeira do mar.
- O sector SUD-20 no que deberán axustarse as determinacións tendo en conta as condicións establecidas na disposición transitoria 13ª da LOUG.

Ademais establecíanse as seguintes condicións:

- Elaboración de novos planos de ordenación nas zonas en que debe quedar reflectido o ámbito de solo rústico de protección de costas por superpoñerse a outras categorías de solo rústico que establece unha protección menor.
- Nas referencias á lexislación estatal sobre o solo, en lugar de Lei 6/1998 sobre réxime de solo e valoracións, dirá: Texto Refundido da Lei do Solo aprobado por R.D. Lexislativo 2/2008 de 20 de xuño. Queda fora da aprobación o punto 10 do artigo 68 da normativa do PXMO.

O Concello deberá elaborar os documentos corrixidos precisos para emendar as deficiencias anteditas, e os elevará, logo dos trámites oportunos, a esta Consellería para a súa aprobación definitiva.

A tardanza na elaboración e tramitación do documento que corrixe as deficiencias observadas ten diversas causas, tal como informan os técnicos municipais:

A corrección da totalidade de deficiencias constituía unha problemática complexa. O ámbito afectado polo informe da Dirección Xeral de Aviación Civil emitido o 19 de febreiro de 2009 en relación á pegada acústica, supoñía que na zona afectada pola pegada sonora ou servidume acústica non se estiman compatibles os usos residenciais nin as dotacións educativas e sanitarias, sendo únicamente posible clasificar o solo como urbanizable de uso comercial ou industrial, ou ben clasificalo como solo rústico. Non obstante a limitación de usos únicamente pode impoñerse como carga de servidume se se dan as circunstancias acreedoras da imposición da servidume, e isto o constitúe o ruído real e efectivo emitido polos avións, pero non as simples expectativas de ampliación dun Aeroporto, que é o que configura o escenario de Desenvolvemento Previsible. A postura defendida polo Concello foi que a pegada de ruído era a prevista pola Resolución da



CONCELLO DE
OLEIROS

Secretaría Xeral de 6 outubro 2006, que contemplaba un ámbito afectado pola pegada de ruído moito máis reducido que o previsto no informe da Dirección General de Aviación Civil. As sentenzas do TSX Sección 2ª nº 00783/2012 no procedemento ordinario 4259/2009, a sentenza 000777/2012 en procedemento ordinario 4352/2009 e a nº 000778/2012 no procedemento ordinario 4308/2009 anulan a Orde da C.P.T.O.P.T., de once de marzo de 2009, no que se refire a súa decisión de deixar en suspenso os ámbitos e determinacións afectados, en canto á pegada de ruído, polo informe de 17-2-09 da Dirección General de Aviación Civil do Ministerio de Fomento, declarando que a aprobación definitiva de dito Plan terá que atender á pegada de ruído do escenario actual para o ano 2004 establecida no Plan Director do Aeroporto de A Coruña de 2001 e que foi revisada por Resolución de 6-10-2006.

Unha simple lectura da Orde de 11 de marzo de 2009 pon de manifesto a necesidade dun exercicio de interpretación para determinar claramente cales eran os ámbitos suspendidos. Un documento normativo do que se derivan dereitos e deberes para os titulares do solo, como é o Plan Xeral non pode basearse en suposicións, senón que debe configurarse como un documento claro e preciso, evitando de situacións obxectivamente confusas. Por motivos de seguridade xurídica o Concello Pleno en sesión de 12 de febreiro de 2010 aprobou o documento denominado: Documento conforme á Orde de 11 de marzo de 2009-Decembro 2009. Rex. Entrada 22203 de 3/12/2009, que tiña por obxecto reflectir as determinacións e ámbitos do PXOM aprobados e os ámbitos suspendidos pola Orde de 11 de marzo de 2009.

Este documento constitúe a ferramenta de traballo utilizada para a aplicación do PXOM aprobado definitivamente e parcialmente, ao establecer e grafiar claramente os ámbitos suspendidos, refundir o documento aprobado, grafiar a pegada sonora e corrixir defectos e deficiencias do texto e planos.

No segundo semestre do ano 2012, celebráronse reunións de traballo cos técnicos da Secretaría Xeral para aclarar o alcance dos ámbitos suspendidos e as posibles solucións en orde á elaboración do documento que completara o PXOM.

Contrataronse os traballos, previa licitación, a OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A. (contrato formalizado o 28.12.1012) con arranxo ás seguintes prescricións técnicas:

Elaboración dun documento do Plan Xeral, que poida obter a aprobación definitiva completando os ámbitos que quedaron suspendidos e corrixindo ou subsanando o documento anterior respecto a:

1. Axuste das súas determinacións á Orde de 11.03.09 da C.P.T.O.P.T.
2. Axustes e cambios consecuencia da execución de sentenzas sobre a pegada sonora unha vez determinado xudicialmente que o ámbito da mesma é a establecida na Resolución de 6 de outubro de 2006.
3. Axustes e cambios consecuencia da execución de sentenzas a recursos contencioso interpostos en relación ao Plan Xeral.
4. Incorporación ao documento de modificacións puntuais do Plan Xeral xa aprobadas desde a súa entrada en vigor.
5. Correccións puntuais de erros materiais detectados desde a aprobación do Plan Xeral como consecuencia do manexo e aplicación do mesmo. (Refundir acordo pleno 12 de febreiro de 2010 respecto ao documento denominado: Documento conforme á Orde de 11 de marzo de 2009-Decembro 2009. Rex. Entrada 22203 de 3/12/2009).

OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A. presenta o documento o día 06.06.2013, doc. nº 7604.

Previos os informes favorables dos técnicos municipais de 14.06.2013, o Concello Pleno adoptou acordo de aprobación do DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 11 DE MARZO DE 2009 DA C.P.T.O.P.T. DE DATA 06.06.2013, doc. nº 7604

O documento remitiuse á DIRECCION XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL o 8.07.2013, completándose o 22.07.2013 e á DIRECCION GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL enviouse o 9.07.2013.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite informe o 13 de novembro de 2013 con carácter favorable con condicións que se han cumplimentado no documento a aprobar.



CONCELLO DE
OLEIROS

A Dirección General de Aviación Civil emite informe favorable o 25.03.2014 (recibido o 31.03.2014), o que permite proseguir cos trámites para a aprobación definitiva do documento.

Consta informe favorable do arquitecto municipal e informe da coordinadora de servizos urbanísticos, amolos dous de 15.04.2014.

Por isto ao Pleno do Concello formúlase a seguinte P R O P O S T A:

Primeiro.- Aprobar o documento denominado "DOCUMENTO DE CUMPRIMENTACIÓN DA ORDE DE 11 DE MARZO DE 2009 DA C.P.T.O.P.T. DE DATA 14.04.14, nº 5121", constituído por:

MEMORIA TOMO I, TOMO II e TOMO III

NORMATIVA URBANISTICA

ESTRATEGIA DE ACTUACION ESTUDO ECONÓMICO

ANEXO CATÁLOGO

ANEXO XUSTIFICATIVO DA SUBSANACIÓN DE DATA 6.06.2013 Nº 7604

PLANO 1: ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA. ESCALA 1/5000(31 FOLLAS)

PLANO 2: ORDENACIÓN URBANISTICA. ESCALA 1/2000 (147 FOLLAS)

PLANO 3: XESTIÓN ESCALA 1/5000(31)

PLANO 4.1: INFRAESTRUTURA E SERVIZOS URBANISTICOS. SANEAMENTO. ESCALA 1/5000 (31 FOLLAS)

PLANO 4.2: INFRAESTRUTURA E SERVIZOS URBANISTICOS. ABASTECIMENTO. ESCALA 1/5000 (31 FOLLAS)

PLANO 5: CATÁLOGO. ESCALA 1/10.000 (10 FOLLAS)

PLANO 6 (SERVIDUMES AERONÁUTICAS): 6.1 afeccións acústicas; 6.2 servidumes de aeródromo e instalacións radioeléctricas 10 follas; 6.3 servidumes de operación das aeronaves 10 follas.

Os axustes e correccións introducidos no documento que agora se presenta como consecuencia da cumprimentación da Orde de 11 de marzo de 2009 da C.P.T.O.P.T. son os seguintes:

1.1- CORRECCIÓNS DOS CINCO PUNTOS DO ACORDO PLENO DE 2 / 12 / 2008.

Corrección do ámbito do elemento do catálogo E-1 "Castro de Punta de Roza".

As expropiacións puntuais previstas, ámbitos de normalización de predios e polígonos, deben grafiarse ou, cando menos, estar referenciados nos planos de ordenación.

Corrección de anchos de viais no Plano 2.22 C en solo urbano no límite co SUD-11.

Trazado circunvalación Santa Cruz con Rotonda en plano 2.26 B.

Eliminación da Disposición Transitoria 2ª, punto 6.

1.2.- CORRECCIÓN DAS CONDICIÓN DERIVADAS DOS INFORMES DA DIRECCION GENERAL DE AVIACION CIVIL RESPECTO ÁS SERVIDUMES AERONAUTICAS E AFECCIÓN ACUSTICAS:

Servidumes aeronáuticas:

Art. 67.4 (SUD-15); art. 67.6 (SUD-17 Monte Sino); art. 88. PERI -12.R (Plan Especial de Reforma interior de Coroto; art. 138 ordenanzas 9 (solo rústico protección ordinaria); art. 139 ordenanza 10 (solo rústico protección forestal); art. 142 ordenanza 13 (solo rústico protección patrimonial, artística ou histórica); art. 143 ordenanza 14 (solo rústico de protección agropecuaria); art. 145 ordenanza 16 (solo rústico de protección de interese paisaxístico); art.146 ordenanza 17 (solo rústico de protección de infraestructuras) co contido que figura nas páxinas 37, 38, e Disposición Final 1ª paxs. 38, 39, 40 e 41 do informe (Anexo III) modificada con arranxo ao disposto na pág 25 e 24 do informe.

Afeccións acústicas:

Art. 6 (modificacións), art. 67.4 (SUD-15. O Río - Montrove); art. 131. Ordenanza 7 (conservación de aproveitamento); art. 138. Ordenanza 9 (solo rústico protección ordinaria); art. 145. Ordenanza 16 (protección de interese paisaxístico); ordenanza 17 (solo rústico de protección de Infraestruturas) e Disposición Transitoria Segunda (planeamento subsistente en desenvolvemento do Plan Xeral de 1997) co contido que figura nas páxs. 33, 34 e 35 do informe (Anexo II).

Planos:

Incorpóranse os planos nº 6.1, 6.2 e 6.3 nos que se superpoñen as servidumbres aeronáuticas sobre os planos de ordenación.

1.3.- AMBITOS PENDENTES APROBACIÓN. SOLO URBANO DO Nº3 DA ORDE DE 11.03.09:

POL-37, PERI 8-R , POL-2 TOURAL, SOLO AO SUR DO DP-8, ZONA 2C AO SUR DO ANTIGO SUND-47, POL-6, 2C EN TARREO, POL-30, 2C EN CONTACTO CO PARQUE METROPOLITANO, 2B LINDANTE CO VIEIRO, PERI 15 AGORA SUD-21, PERI 10R, ILLA ORDENANZA 1 FONTES, NORTE PERI 13-R, 2C LINDANTE CON SUD-11 E ÁMBITOS NOS QUE NON SE ENTENDE ACREDITADA A INTEGRACION NA MALLA URBANA (NUCLEO DA BARCALA AO SUR DO SUND-26, NUCLEO DO RIO AO OESTE SUND-20, ILLA ORD 1 EN FONTES, DÚAS PARCELAS URBANAS PLAN XERAL 1995 XUNTO LAGOA DE MERA.

1.4.- AMBITOS AFECTADOS POLA DISTANCIA DE 200 METROS DESDE RIBEIRA DO MAR:

PERI-8R, POL-6, SOLO AO SUR DO DP-8, ZONA OESTE DO SUND-15.

1.5.- ADAPTACIÓN DO SECTOR SUD-20 ÁS DETERMINACIÓN DA D.T. 13ª DA LOUG: axústase a densidade do sector cumprindo co 50% de ocupación pola edificación e limitase a densidade a 30 vivendas (incluídas as existentes, sendo as reservas de solo para dotación a ZV grafiada no plano 2.5d.

1.6.- AXUSTES E CAMBIOS CONSECUCIA DA EXECUCION DE SENTENZAS A RECURSOS CONTENCIOSO ADMINISTRATIVOS INTERPOSTOS EN RELACION COA APROBACION DO PLAN XERAL.

SENTENZA 4358/2009, Contencioso 990/11 (declara que debe ser solo urbano rexido por ordenanza 2A e o documento recolle dita clasificación no plano 1.26 e plano 2.35B).

SENTENZA 1318/2010, Contencioso 4326/09 (declara que a finca situada no nº 63 da Avenida Isaac Diaz Pardo debe ser clasificada na súa totalidade como solo urbano. O documento que agora se elabora recolle dita clasificación no plano 1.26, plano 2.26B e 3.18.

SENTENZA 00776/2012, Contencioso 4388/09. A sentenza obriga a exclusión do ámbito do SUD-11 de dúas parcelas catastrais. O documento que agora se elabora recolle dita modificación no plano 1.18, plano 2.21D e 2.22C B e 3.18.

SENTENZA 00682/2012, Contencioso 4357/09. A sentenza obriga a exclusión do ámbito do PERI-7.R a parcela de Mª Teresa López Vilaseco. O documento que agora se elabora recolle dita modificación no plano 2.17D e 3.14 e axústase o texto da normativa (artigo 83) para posibilitar a conexión viaria coa estrada Santa Cruz- Mera.

1.7.- INCORPORACIONES AO DOCUMENTO DE MODIFICACIONES PUNTUAIS DO PLAN XERAL XA APROBADOS DESDE A SÚA ENTRADA EN VIGOR.

Descatalogación dos elementos B-76, B-77, B-78 e B-107 afectados polas obras da Estrada N-VI. O documento recolle dita modificación no planos 2.35A e 2.35B, no planos do catálogo 5.7 e 5.8 e suprimindo as propias fichas do catálogo.

Modificación Ordenanza 7 de Conservación de aproveitamento aprobada definitivamente a Orde de 27/02/2013 (BOP de 16/04/2013, nº 72 e DOG de 13/03/2013, nº 51) que incorpora unha variante "C" específica para as instalacións hoteleiras existentes no artigo 131 da Normativa e nos planos de Ordenación 2.21A e 2.21C.

1.8.- CORRECCIONES PUNTUAIS DE ERROS MATERIAIS DETECTADOS DESDE A APROBACION DO PLAN XERAL COMO CONSECUCIA DO MANEXO E APLICACIÓN DO MESMO.

Desde a elaboración do documento como consecuencia do manexo e aplicación do mesmo detectáronse unha serie de erros materiais en Normativa, Planos e Catálogo que agora se corríxen.



CONCELLO DE
OLEIROS

1.9.- CORRECCIONS DERIVADAS DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO de 13 de novembro de 2013.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, a aprobación definitiva do Documento nº 5121 de data 14.04.14, que corrixe as deficiencias observadas na Orde de 11 de marzo de 2009.

Ao efecto dilixenciar e remitir por triplicado o documento e o expediente administrativo tramitado.

Terceiro.- Coa aprobación deste documento quedan sen efecto e procédese ao arquivo do documento de data 06.06.2013, Doc. Nº 7604 e da separata elaborada para tramitar a obtención do informe da Dirección General de Aviación Civil e a separata para a Dirección Xeral de Patrimonio.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 30 de abril de 2014.-

Vº e Prace

O alcalde,

~~Angel Garcia Seoane~~

